

## ALGUNHAS NORMAS

- Á biblioteca vense voluntariamente, non é un lugar de castigo.
- Gardaremos silencio ou procuraremos non alzar a voz cando traballemos en grupo.
- Os libros depositaranse no caixón de devolucións
- Cada un dos ordenadores destinados ao alumnado poden ser utilizados individualmente ou por dúas persoas.  
O profesorado de garda pode restrinxir o acceso a webs que non teñan unha compoñente didáctica.

## EMPRÉSTITO

Recomendamos os recreos para facer os empréstitos.

O carné de lector da acceso ó servizo de empréstito nas seguintes condicións:

Pódense levar á casa ata tres libros, agás obras de consulta na sala.

- **Empréstito:** O período máximo de empréstito é de 15 días .
- **Renovación:** O prazo de empréstito pódese ampliar renovando o período outros 15 días.
- **Demora:** A biblioteca notificará aos pais ou titores legais do alumno/a, directamente ou a través da titoría, as devolucións fóra de prazo ou demoras que prexudiquen o funcionamento do servizo de préstamo.
- **Deterioro ou perda:** Neste caso deberá procederse á súa reposición.

## BIBLIOTECA

### "IES ARCEBISPO XELMÍREZ II"

#### GUÍA DE USO



## ESTADO DA BIBLIOTECA

Dende o curso 2008/09 estamos a reorganizar a nosa biblioteca. Comezamos pola sección de literatura, xa que é a máis solicitada en empréstitos. Nesta sección tedes á vosa disposición máis de 2000 rexistros .

**Proxecto Meiga**, ao que pertencemos, permite consultar o catálogo de fondos polos campos máis comúns (autor, título, materia...) entrando na web:

[www.opacmeiga.rbgalicia.org](http://www.opacmeiga.rbgalicia.org)

Grazas aos acordos entre as Consellerías de Educación e Cultura da Xunta de Galicia temos diversos recursos electrónicos de acceso restrinxido, como son as enciclopedias electrónicas **E-Junior e Enciclonet**, o soporte educativo **Compendio Educativo en Red (CER)**, ou dicionarios como **OLDO** (Oxford Language Dictionaries Online), etc.

Para acceder a eles, só é necesario ingresar a través da páxina da **Rede de Bibliotecas de Galicia**, co número de lector da biblioteca escolar correspondente e nome ou apelidos do lector ou lectora como contrasinal.

## COMO BUSCAR

Estamos ordenando os libros segundo a CDU (Casificación Decimal Universal). Este sistema baséase nunha división en dez grupos ou seccións, que son os seguintes:

0. **Xeneralidades: Enciclopedias e dicionarios...**
1. **Filosofía. Psicoloxía. Ética.**
2. **Relixión. Mitoloxía.**
3. **Ciencias sociais: Socioloxía. Economía. Dereito.**
4. **(Baleiro)**
5. **Matemáticas. Ciencias Naturais. Física. Química. Bioloxía...**
6. **Ciencias aplicadas: Medicina...**
7. **Arte. Deportes.**
8. **Lingua, Literatura.**
9. **Xeografía. Historia.**

Deste xeito, os libros do mesmo tema, comezan polo mesmo número. Estes están identificados por carteis na parte superior dos andeis.

O número **8 . Literatura** é o que ocupa máis espazo na biblioteca. Está ordenado por xéneros. A letra C ou G fai referencia á lingua (Castelán ou galego)

Poesía ..... **82P-G / 82P-C**

Narrativa ..... **82N-G / 82N-C**

Teatro ..... **82T-G / 82T-C**

Ensaio en castelán..... **82E-G / 82E-C**

Cada libro leva unha etiqueta no lombo (en castelán *tejuelo*) coa **sinatura** que determina a súa colocación nos andeis.

Exemplo: “De ratos e de homes” de John Steinbeck .

**82N-G:** Narrativa en galego.

**STE:** Tres primeiras letras do apelido do autor en maiúsculas.

**Rat:** En minúsculas, tres primeiras letras do título.

<b>82N-G</b> <b>STE</b> <b>rat</b>
--

A colocación dos libros faise primeiro por orde numérica, segundo por orde alfabética das letras do apelido do autor, e por último, as do título.